

**ÁLBUM DA CIENCIA:**

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



## **José Goyanes Capdevila**

**Unha figura da Medicina  
contemporánea**

Nacemento: Monforte (Lugo) 1876. Falecemento: Santa Cruz de Tenerife 1964

Autor/a da biografía: Bugallo, Ánxela

Data de alta: 21/03/2012

Ámbitos de ocupación: Medicina /

***José Goyanes Capdevila  
(1876-1964).  
Presidente 1935-1949.***

---

Cursou o bacharelato en Lugo e A Coruña, e a carreira de Medicina en Madrid, onde se doutorou en 1901. Conseguiu o premio extraordinario de doutoramento cunha tese dedicada á influencia da tiroides na medra e desenvolvemento, tema sobre o que publicaría diversas investigacións entre 1918 e 1922. Foi alumno interno das Clínicas de San Carlos, na especialidade de Clínica médica, aínda que ao pouco tempo pasou a ser interno de Clínica cirúrxica, por influencia, segundo Granjel (1981), do profesor Alejandro San Martín, quen lle inculcou tamén o seu interese pola investigación e as innovacións na cirurxía arterial e oncolóxica. Con el colaborou nos seus estudos de Cirurxía experimental, con ensaios de técnicas de anastomoses vasculares en animais. Tras cumprir as funcións de axudante do Museo Anatómico, foi nomeado en 1902 profesor auxiliar da Facultade de Medicina, na sección de Cirurxía, e en 1905 gañou a praza de Cirurxía do Hospital Provincial de Madrid, que desempeñou durante sete anos. Simultaneou este traballo co cargo durante dous anos de agregado á Facultade de Medicina e coa atención á súa consulta privada.

Outro paso transcendental na súa traxectoria profesional foi a dirección do Instituto Nacional del Cáncer. Tras a morte de Eulogio Cervera, que dirixía un modesto laboratorio situado no Instituto Rubio, apostarase pola dotación dos medios necesarios para construír un centro destinado ao tratamento e curación do cancro en enfermos pobres. O Ministerio da Gobernación dotou unha subvención anual de 25 000 pesetas para a construción do centro en Moncloa, o Instituto Príncipe de Asturias con carácter asistencial e o Pavillón Victoria Eugenia para a investigación, que se converteron máis tarde no Instituto Nacional del Cáncer. Foi inaugurado en 1922 e designado Goyanes como director. O centro contaba cunha clínica con 28 camas, salas de operacións e unha sección de consulta, ademais de catro laboratorios: de Radioterapia, de Anatomía patolóxica, de Química biolóxica e de Experimentación animal. Goyanes conseguiu en 1924 adquirir radio para o centro, material ata daquela só en mans de certas clínicas privadas. Precisamente cando foi destituído do seu cargo en 1931, parece que a xustificación foi a perda de certa cantidade deste elemento radioactivo, da que se lle fixo responsábel. Durante a Guerra Civil estivo en Salamanca, onde practicou cirurxía de guerra. Logo volveu a Madrid, para exercer como cirurxián ata 1945, data en que se retirou por problemas de saúde.

### **Goyanes e a cirurxía vascular**

As principais achegas de Goyanes foron no campo da cirurxía vascular. Dado o seu extraordinario coñecemento das arterias e, tras demostrar que podían practicarse puncións arteriais percutáneas sen complicacións, pensou que podía utilizarse esta vía para a anestesia. En 1908 iniciou a investigación animal, e en 1932 definiu para humanos a anestesia rexional por vía intraarterial, e analizou as súas vantaxes e inconvenientes respecto á anestesia rexional intravenosa de Bier. En 1965 Van Niekerk e Coetzee publicaron unha revisión sobre 306 casos e demostraron os beneficios desta técnica en determinadas circunstancias. Finalmente, foi introducida na década dos noventa do século pasado con relativo éxito por parte de Koscielniak-Nielsen e colaboradores, que propuxeron a técnica para a cirurxía da man, de duración inferior a 90 minutos, en doentes artríticos con veas fráxiles e tortuosas (Márquez, 1999).

Outro dos grandes éxitos de Goyanes foi a práctica dunha nova técnica a un enfermo con aneurisma da arteria poplítea, técnica que consistía en restituír a continuidade arterial mediante un by-pass in situ da

vea. Esta operación de aneurisma arterial coñécese hoxe como o Método Goyanes-Lexer. Ademais destas excepcionais contribucións recoñecidas internacionalmente, o seu número de achegas relevantes á Medicina é inesgotable. Alfredo Die-Goyanes e Javier Die-Trill (2008), neto e bisneto de Goyanes, citan as seguintes: a introdución do uso de seda fina para as suturas das arterias, novas técnicas para as anastomoses arteriovenosas, novos métodos para a substitución do uréter pola vea espermática ou a reconstrución do conduto de Stenon coa vea cava, a narcose cerebral por vía carotídea, a quimioterapia rexional por vía arterial, o cateterismo venoso... e tamén o deseño de novo instrumental, como o de clamps para a cirurxía aórtica.

### **O seu traballo noutras especialidades cirúrxicas**

En Neurocirurxía operou grandes traumatismos e corpos estraños craniais, derivacións por hipertensión cranial, a extirpación do ganglio de Gasser, realizou a resección de tumores intracraniais e intervertebrais e o tratamento cirúrxico da siringomielía. Para a Cirurxía torácica deseñou unha caixa de madeira e vidro na que metía a cabeza do enfermo e pechaba hermeticamente para elevar a presión da caixa e da árbore bronquial. Operou procesos pulmonares, como quistes hidatídicos, bronquiectasias e inversión de costelas para colapsar o pulmón, e apuntou a posibilidade de que a cirurxía pulmonar fose unha especialidade. En materia oncolóxica, Goyanes fixo estudos sobre a produción de sarcomas por virus na crista do galo, a influencia dos parasitos na xénese do cancro, a etiloxía múltiple dos tumores malignos, o diagnóstico dos tumores por probas serolóxicas e a mortalidade por cancro en España. Tamén practicou a cirurxía plástica, e deixou constancia de que os tecidos embrionarios prenden máis doadamente que os adultos. Fixo ofrioplastias, plastias cutáneas e practicou osteoplastias para evitar no posíbel a amputación por feridas de guerra. Distinguiuse tamén polas súas intervencións no dominio oftalmolóxico, ben no das blefaroplastias, ben no da cirurxía orbitaria e das súas cavidades veciñas, ou no propiamente oftalmolóxico; e deseñou un procedemento para a determinación subxectiva do astigmatismo (VV.AA., 1929-30). Impulsou a mamografía con raios brandos, denominada de Goyanes, técnica que máis adiante perfeccionaron e popularizaron Leborgne e Cohen.

### **A variada obra publicada por Goyanes**

A produción científica de Goyanes, que comeza coa publicación da súa tese doutoral, é moi ampla e abrangue máis de 250 traballos. Froito dos seus numerosos e relevantes estudos experimentais son os seus moitos artigos: "Sobre la Angioplastia. Contribución al estudio experimental de la Cirugía de los vasos" (Goyanes, 1905); "Un caso de pie equino traumático habitual" (Goyanes, 1906a), comunicación presentada na Academia Médico Quirúrgica Española na que describía unha tenotomía do tendón de Aquiles e a enucleación do astrágalo, e a práctica dunha sutura de ferida lonxitudinal na arteria ata daquela só realizada en España por Ortiz de la Torre. Nos seus artigos de 1906 en *Siglo Médico*, baixo o título "Nuevos Trabajos de Cirugía Vasculat" (Goyanes, 1906b, c), trata da substitución plástica das arterias polas veas ou arterioplastia venosa, aplicada como novo método ao tratamento dos aneurismas.

As súas publicacións van dando conta, parcial e cronoloxicamente, dos seus novos descubrimentos e aplicación de novas técnicas: "Sobre la sutura lateral y circular de las venas" (Goyanes, 1907), na que expón un caso de resección e sutura circular da vea subclavia; "Sobre el cateterismo de las arterias y de las venas. Nota preliminar" (Goyanes, 1918), onde explora o amplo abano de posibilidades da nova

técnica. Outro tema sobre o que publicou moito foi o da administración da anestesia por vía arterial, e o uso da mesma vía para a aplicación localizada de certos medicamentos. Como culminación dese traballo pódese citar o discurso lido na sesión inaugural do curso 1912-13 da Academia Médico Quirúrgica Española, “La anestesia por vía arterial” (Goyanes, 1912), ou o traballo “Tratamiento quimioterápico directo por la vía arterial de las tuberculosis locales”, ambos publicados na *Revista Clínica de Madrid*.

A raíz do seu nomeamento como director do Instituto Príncipe de Asturias, os seus artigos tocan na temática do cancro: “Sur la mortalité par le cancer en Espagne pendant les vingt premières années du siècle present” (Goyanes, 1931), realizado en colaboración co Dr. Die; “Tratamiento quirúrgico del cáncer” (Goyanes, 1931); “Sobre el problema etiológico del cáncer” (Goyanes, 1935), entre outros. Tamén foi o director e fundador da revista *Archivos Españoles de Oncología* e do *Boletín de la Liga Española contra el Cáncer*. Dedicou parte das súas publicacións á Historia da Medicina, nas que salientan os artigos que afondan sobre grandes figuras como Miguel Servet ou Alejandro San Martín, ou sobre a “Personalidad médica de Maimónides”. Home polifacético, publicou varias obras de carácter literario, histórico ou de viaxes. Analizou os tipos psicossomáticos que se encontran no Quixote e a sátira contra os médicos e a Medicina nos libros de Quevedo.

### **O traballo pola unión profesional: A Asociación Española de Cirujanos**

Outro dos temas que guiou a vida profesional de Goyanes foi conseguir a unión do colectivo de profesionais dedicado ao campo da cirurxía. Compréndese, entón, que durante a realización en Madrid, en marzo de 1932, do IX Congreso de la Sociedad Internacional de Cirugía, houbera unha intervención destacada dalgúns cirurxiáns como Goyanes, Corachán, Gómez Ulla, Bastos, González Duarte..., que logo terían moito que ver co desenvolvemento da Asociación Española de Cirujanos. Goyanes foi presidente da Asociación e quen presentou en 1935 os estatutos que definían os seus obxectivos: “estrechar los lazos de confraternidad personal entre los mismos, velar por el auge de sus intereses morales y materiales, propugnar el avance científico y prestigio social de la profesión quirúrgica y celebrar reuniones anuales de Cirugía, contribuyendo a la labor mundial en pro de esta rama de la Medicina”. Con este fin constitúese un comité organizador en Madrid, presidido por Goyanes, que nomeou delegados para representar a Asociación en cada distrito universitario. En marzo de 1936 tivo lugar en Madrid unha reunión de cirurxiáns de todos os distritos e, baixo a presidencia de Goyanes, acordaron poñer en marcha os propósitos da Asociación. Os asistentes deixaron a súa imaxe nunha fotografía histórica que pode considerarse como a presentación pública da entidade.

Tamén foi presidente da Academia Médico-Quirúrgica Española (1911-12), socio de honra da Academia Médica de Guipúscoa, da Sociedade Internacional de Cirurxía e da Sociedade de Cirurxía de Bruxelas. Era académico de número da Real Academia de Medicina e participaba activamente nas súas sesións científicas, nas que informaba e debatía sobre as innovacións no campo da Cirurxía, como a presentación que realizou en 1936 da operación de toracoplastia feita polo Dr. Tablante en Manila. Entre outras honras, acadou a de doutor honoris causa pola Facultade de Medicina de Bordeus en 1928 e a de Officier de la Légion d’Honneur en Francia, ademais de ser condecorado coa Gran Cruz de la Orden Civil de Alfonso XII. Como tributo á súa contribución á medicina e á cultura publicouse en 1929-30 o libro *Homenaje a Goyanes*, editado pola *Gaceta Médica Española*, no que participaron numerosas figuras da ciencia e da cultura. Os recoñecementos continuaron tras a súa morte: o 24 de xuño de 2006 a Sociedad Centro de

Angiología y Cirugía Vascular organizou unha reunión no Colegio de Médicos de Madrid, con motivo do centenario do primeiro by-pass vascular, realizado por Goyanes. Considerado polos especialistas como unha das figuras máis importantes da Medicina contemporánea, o seu nome irá unido sempre a aquelas técnicas e avances nos que logrou grandes éxitos, como “a anestesia de Goyanes”, producida pola inxección do anestésico na arteria dunha rexión, ou “a técnica Goyanes-Lexer”, aplicada ás operacións de aneurisma arterial. O seu nome e o gran traballo que desenvolveu no campo da Cirurxía aínda seguen presentes na actualidade da Medicina.

## **Bibliografía:**

Fontes impresas:

GOYANES CAPDEVILA, J. (1905): Sobre angioplastia. Contribución al estudio de la cirugía de los vasos, *Revista de Medicina y Cirugía Prácticas*, 67: 5-15, 57-64, 89-96, 137-144, 169-181.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1906a): Un caso de pie equino traumático habitual (Tenotomía del tendón de Aquiles y enucleación del astrágalo). Herida accidental de la arteria tibial posterior. Sutura arterial. Curación, *El Siglo Médico*, 53: 3-5.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1906b): Nuevo trabajo de Cirugía vascular plástica de las arterias por las venas o arterioplastia venosa aplicada como nuevo método del tratamiento de los aneurismas, *El Siglo Médico*, 53: 546-548.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1906c): Sustitución plástica de las arterias por las venas o arterioplastia venosa aplicada como nuevo método al tratamiento de los aneurismas, *El Siglo Médico*, 53: 561-4.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1907): Sobre la sutura lateral y circular de las venas (con exposición de un caso de resección y sutura circular de la vena subclavia), *Revista de Medicina y Cirugía Prácticas*, 75: 369-383.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1908): Un nuevo caso de anestesia regional, *Revista Clínica de Madrid*, 1908: 12-19.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1909): Un caso de herida de la arteria femoral profunda. Aneurisma difuso consecutivo. Sutura arterial. Curación, *Revista Clínica de Madrid*, 1909: 331-334.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1911): *La sutura en cirugía del sistema vascular*. Madrid: Fortanet.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1912a): *Terapéutica de las estrecheces del esófago, con exposición de un nuevo procedimiento, modificación del cateterismo sin fin de von Hacker*, Madrid: Viuda de Antonio Alvarez.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1912b): La anestesia por vía arterial, *Rev. Clin. Madrid*, 8: 401- 422.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1914): Tratamiento quimioterápico directo por la vía arterial de las tuberculosis locales, *Revista Clínica de Madrid*, 12: 401-422.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1917): *Estado actual de la cirugía plástica, sus problemas y sus conquistas. Conferencia de extensión de cultura médica, celebrada en la Real Academia Nacional de Medicina*, Madrid: Enrique Teodoro.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1918a): *Discursos leídos en la Real Academia Nacional de Medicina para la recepción pública del...Dr. D. José Goyanes Capdevila (Contestación de D. Enrique de Isla y Bolomburu)*, Madrid: Imp. Clásica Española.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1918b): Sobre el cateterismo de las arterias y venas. *El Siglo Médico*, 55: 893-895.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1918c): *Sobre un foco de bocio y cretinismo endémicos en los Valles del Tormes y del Alberche (Provincia de Avila)* , Madrid: Sucesor de Enrique Teodoro.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1919): *La ureterostomía como operación de urgencia*, Madrid: Julio Cosano.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1920a): *La transplatación en Cirugía. Madrid, Enrique Teodoro. Publicado también en El Siglo Médico*, 57: 214-244,261-265, 285-287, 304-307.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1920b): *San Martín y su obra*, Madrid: Art. Gráf. Plus-Ultra.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1923): Ideas antiguas y modernas acerca del tratamiento quirúrgico de los aneurismas, *Archivos de Cardiología y Hematología*, 4: 92-100.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925a): *Casuística de cirugía del pulmón*, Madrid: José Molina.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925b): *Sur la mortalité par le cancer en Espagne pendant les vingt premiers années du siècle present... Avec la collaboration du Dr. J. Die... (Man, 1925)*, Madrid: Joseph Molina.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925c): *La mortalidad por el cáncer en España durante los veinte primeros años del siglo actual; con la colaboración del Dr. D. J. Die*, Madrid: Sucesor de Enrique Teodoro.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925d): *Crisotemis: Poemas breves de la vida breve. Ensayos*, Madrid: José Molina.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925e): *La leyenda y el culto de Esculapio en la Grecia antigua*, Madrid: Julio Cosano.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1925f): *El profesor Jean Bergonie. Trabajo leído en la velada neorológica*

*celebrada en el Instituto Francés*, Madrid: Sucesor de Enrique Teodoro.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1926a): *Excursiones artísticas por Grecia*, Madrid: J. Molina.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1926b): *San Martín y su obra, Médicos ilustres del siglo XIX*, Madrid: Art. Graf. Plus Ultra.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1929-30): *Introducción a la psicología del chiste. (Extracto del Libro Homenaje Goyanes)*, Madrid: Gaceta Médica Española.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1930): *Cirugía del tiroides*,. Madrid: Suc. de Enrique Teodoro.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1931a): *Relación de las sífilis con el cáncer. Valor de la lucha antivenérea desde el punto de vista oncológico. Conferencia pronunciada el 5 de Diciembre de 1930*, Madrid: s.n. Ecos españoles de Dermatología y Sifilografía.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1931b): *Tratamiento quirúrgico del cáncer*, Madrid: s.n.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1931c): *Actas de la Sociedad de Cirugía de Madrid. Discurso inaugural por el Prof. J. Goyanes*, Madrid: s.n.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1931d): *Ensayo sobre los tipos psicósomáticos de "El Quijote"*, Madrid: Suc. de Enrique Teodosio.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1932a): *Cirugía conservadora de los huesos*, Zaragoza: Tip. "La Académica".

GOYANES CAPDEVILA, J. (1932b): *Del sentimiento cómico en la vida y en el arte: Ensayo estéticopsicológico*, Madrid: M. Aguilar.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1932c): *Quiste dermoide del pulmón*, *Actas de la Sociedad de Cirugía de Madrid*, 2(1): 49-54.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1933): *Miguel Serveto, Teólogo, geógrafo y médico, descubridor de la circulación de la sangre. Su vida y sus obras, sus amigos y enemigos*, Madrid: Hernando.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1934a): *Sobre el problema etiológico del cáncer*, Madrid: Bermejo imp.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1934b): *Introducción a la psicopatología de las vivencias místicas*, Madrid: Imp. Góngora.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1934c): *La sátira contra los médicos y la Medicina en los libros de Quevedo. Conferencia leída por... en la "Fiesta del libro". Abril de 1934*, Madrid: Academia Nacional de Medicina, Imp. J. Cosano.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1935a): *La personalidad médica de Maimónides al lado de su personalidad total*, Córdoba: Real Academia de Ciencias, Bellas Letras y Nobles Artes de Córdoba.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1935b): *Los Atlantes, Epopeya de los castellanos por el mar: Poema heroico del descubrimiento del Nuevo Mundo*, Madrid: S. Aguirre.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1936): *El Greco, pintor místico*, Madrid: José Goyanes Capdevila.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1938): *Las antiguas industrias de la seda en Tenerife. Conferencia leída en el Círculo de Bellas Artes de Santa Cruz de Tenerife*, Tenerife: Imp. A. Romero.

GOYANES CAPDEVILA, J. (1942): *Cirugía de los Aneurismas, La ligadura y la sutura de los vasos*, Barcelona: Talls. "Relieves Basa y Pages".

GOYANES CAPDEVILA, J. (1954): El tipo psicofísico de don Miguel de Unamuno, *Gaceta Médica Española*, 329: 29-30.

#### Bibliografía secundaria:

DIE-GOYANES, Alfredo; DIE-TRILL, Javier. (2008): José Goyanes. Cirujano y humanista, *Cirugía Española*, 83: 8-11.

CRIADO, E.; GIRON, F. (2006): José Goyanes Capdevila, unsung pioneer of vascular surgery, *Annals Vascular Surgery*, 20 (3): 422-5.

GRANJEL, L.S. (1981): *Historia General de la Medicina Española*, V, Salamanca: Universidad.

MARQUEZ ESPINÓS, C.; MORA, R.; PÉREZ, A.; TORRES, L.M. (1999): Anestesia Regional Intraarterial: ¿Reintroducción de un clásico?, Comunicación presentada 08/10/1999 en *IV Congreso de la Sociedad del Dolor*. Málaga.

VV.AA. (1929-30): *Libro Homenaje a Goyanes*, Madrid: Ed. Gaceta Médica Española.

---

Como citar esta página:

Bugallo, Ánxela ([2012], "José Goyanes Capdevila", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 19/10/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=250>]

Máis información e materiais complementarios en

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=250>



Un proxecto do

**Consello da Cultura Galega**

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202